



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 20 DE XUÑO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de xuño de dous mil dezaseis; as nove e media da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trece de xuño de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/N/03.3/14.-

Visto o escrito presentado por **Don Rubén Menéndez Fernández, na representación de Union Fenosa Distribución**, con domicilio na Batundeira nº 2, Velle, Ourense, onde solicita Licenza de Obras para a adecuación e reforma das instalacións da obra denominada "LMT.CT.RBT San Lázaro" no inmovible sito na estrada de Francelos (OU-801), Camiño Congostra do Trasgo, deste término municipal, segundo documentación técnica presentada, redactado polo enxeñeiro industrial Don Burkard Hecht Eldorduy.

Consta informe favorable da Arquitecta municipal de data 14 de xuño de 2016.

Consta informe do Secretario Municipal de data 16 de xuño de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia a Unión Fenosa Distribución, para a adecuación e reforma das instalacións da obra denominada "LMT.CT.RBT San Lázaro" no inmovible sito na estrada de Francelos (OU-801), Camiño Congostra do Trasgo, deste término municipal.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.



A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Adecución e reforma das instalacións da obra denominada "LMT.CT.RBT San Lázaro".

Contía na que se orzan as obras: 70.805,88 €

Situación e emprazamento das obras: Estrada de Francelos (OU-801), Camiño Congostra do Trasgo.

Nome ou razón social do promotor: Union Fenosa Distribución.

Director de Obra e redactor do proxecto: Don Burkard Hecht Eldorduy.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de (1) mes e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 70.805,88 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, por importe de 1.840,95 euros.

Importe execución material / coste da obra:	70.805,88 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	1.840,95 €
Aboado por autoliquidación:	0,00 €
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	1.840,95 €

OUTRAS CONDICIONS.-

-A obra executarase conforme ao , segundo o proxecto básico e de execución e anexos redactado polo enxeñeiro industrial Don Burkard Hecht Elorduy.

- As obras axustaranse a autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, autorización de Adif e Resolución favorable da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).



- Depositará aval por importe de 10.984,14€ coa finalidade de garantir a correcta execución das obras nos viais públicos.

-Previo ó Inicio das Obras deberá tramitarse a Ocupación de Dominio Público, segundo o Anexo 3 da Ordenanza reguladora da intervención municipal urbanística municipal en obras e actividades.

RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde recollidas na normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.

Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don José Antonio Soto Pérez**, con domicilio na rúa Veronza nº 2, 4º esquerda, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 02-06-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Dona Rosa Maria Soto Pagan**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 30, 1º esquerda, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 08-06-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-



A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Tesourería Xeral da Seguridade Social, Resolución comunicando baixa por pase a situación de xubilación do traballador municipal Don Felipe Pérez Tielas con data 06.06.2016. Os membros da Xunta de Goberno Local quedan enterados de dita situación administrativa, acordando que se de traslado os servizos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

- Do Concello de Girona, acordo da sesión do pleno de data 06.06.2016, acordando a baixa na Rede de Xudérias de España "Camiños de Sefarad".

- Do Director do Servizo Municipal de Deportes, informe sobre admitidos no Curso de Natación 2016.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONTRATO DA OBRA DENOMINADA “MELLORA E ADECUACION DE PARQUES INFANTIS DENTRO DA REDE C.R.A. AMENCER”.-

Dase conta do proxecto para a execución da obra denominada “Mellora e adecuación de parques infantis dentro da Rede C.R.A. Amencer”, obra subvencionada pola Dirección Xeral de Administración Local o abeiro da Orde do 23.12.2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a creación ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servizos públicos.

De seguido o Sr. Alcalde somete a aprobación do expediente de contratación relativo a obra referenciada, por un importe de 49.493,84 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 20.06.2016.
- Prego de prescricións técnicas de data 20.06.2016.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar un gasto por importe de 49.493,84 € IVE incluído.
2. Aprobar o proxecto denominado “Mellora e adecuación de parques infantis dentro da Rede C.R.A. Amencer”, redactado polo enxeñeiro, Don Miguel Angel Pérez Martínez, cun importe de 49.493,84 euros.
3. Aprobar o Prego de Prescricións técnicas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra denominada “Mellora e adecuación de parques infantis dentro da Rede C.R.A. Amencer”,.
4. Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a execución de dita obra, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar: Construcciones Lemos Martínez S.L., Aopil S.L., Construccións, Excavacións e Edificacións López Carballal S.L., Construcciones Pepe Pisco e Hijos, Excavaciones Jorge González e Construccions Rumajo 3 S.L..

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE PEON DE VIAS E OBRAS.-



Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 17.06.2016, , relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de Peón de vías e obras.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 17.06.2016.
2. Informe de intervención de data 20.06.2016.
3. Informe xurídico de data 20.06.2016.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de Peon de vías e obras.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº2/16.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº2/16, por importe de 15.700,50 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 2º TRIMESTRE DO 2016.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 2º trimestre do 2016, por importe de 49.617,77 euros, tarifa de depuración por importe de 9.615,52 euros, máis 5.936,50 euros de IVE, resultando un total de 65.169,79 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 2º trimestre do 2016, por importe de 18.344,89 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.413,92 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 8.613 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de xullo e o 19 de agosto de 2016”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez e cuarto da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia